

AXUDAS PARA CONTRATOS RAMÓN Y CAJAL (RYC) - 2025

Prazo propostas dos grupos: ata a 24/11/2025

Prazo solicitude UDC: 19/11/2025 a 11/12/2025 ás 14.00 horas

“Resolución de 29 de octubre de 2025 de la Presidencia de la Agencia Estatal de Investigación, por la que se aprueba la convocatoria 2024 de las ayudas Ramón y Cajal” (BOE 29/12/2025)

<https://www.aei.gob.es/convocatorias/buscador-convocatorias/ayudas-contratos-ramon-cajal-ryc-2025>

Co obxecto de elaborar a proposta definitiva da UDC nesta convocatoria, ábrese un prazo **ata o día 24 de novembro de 2025, ás 14:00 horas**, para remitir por correo electrónico a esta vicerreitoría (vit@udc.gal), indicando no asunto "Propostas para contratos RyC 2025 - [Grupo de Investigación]", as propostas dos grupos e unidades de investigación inscritos no catálogo da UDC, asinadas pola persoa coordinadora.

Contido das propostas:

- Documento 1.- Descripción e motivación do contrato ofertado, así como a súa adecuación aos planos da institución, asinado pola persoa que coordine o grupo ou unidade que formule a proposta (máx. 750 caracteres). Deberase especificar con detalle a motivación da oferta da praza, substitución/xubilación de persoal, fortalecemento de novas estruturas de I+D, potenciación de liñas novidosas ou estratéxicas da institución, etc. Así mesmo indicárase a Área temática e Subárea temática, de acordo co Anexo II da convocatoria:
<https://www.aei.gob.es/areas-tematicas/areas-tematicas>
- Documento 2.- Un texto en castelán en formato .doc ou .docx que recolla os **datos máis relevantes do contrato ofertado**, de modo que os candidatos poidan xulgar a súa adecuación e valorar o interese da oferta (máx. 250 caracteres).

A solicitude definitiva da UDC será finalmente elaborada pola Comisión de Investigación, que terá en conta a documentación achegada con cada proposta e a avaliación do grupo ou unidade levada a cabo pola Axencia Estatal de Investigación.

A UDC resérvase a posibilidade de seleccionar determinadas áreas estratéxicas de investigación ou de difícil captación de investigadores que poidan resultar críticas para o futuro da nosa institución.

Consultas relativas a este procedemento

Sección de Xestión de Convocatorias
e Axudas a Investigadores
Servizo de Investigación
coordinacion.investigacion@udc.gal
881 01 1176

Consultas sobre a preparación da documentación e a solicitude

Oficina de Captación de Persoal Investigador
OCPI
talento.ocpi@udc.gal
881 01 5704

A Coruña, na data da sinatura dixital